



O MEU GATO É UN POETA

Fran Alonso

Deseño de Fran Alonso

XERAIS SOPA DE LIBROS (1384039) 8 ANOS

72 páxinas

POESÍA con CD e WEB

ISBN: 978-84-9914-211-1

P.V.P: 12,00 €

NOVIDADES FEBREIRO 2011



« O MEU GATO É UN POETA » DE FRAN ALONSO
UN LIBRO-DISCO-WEB
UNHA PROPOSTA POÉTICA FRESCA E DIVERTIDA

O MEU GATO É UN POETA É UN LIBRO QUE PRETENDE TRANSMITIR A POESÍA DUN XEITO LÚDICO, DIVERTIDO E, SOBRE TODO, ACCESIBLE PARA OS LECTORES E LECTORAS.

O meu gato é un poeta é un libro que pretende transmitir a poesía dun xeito lúdico, divertido e, sobre todo, accesible para os lectores e lectoras. Está ideado coma se fose un xogo ou un obradoiro. *O meu gato é un poeta* bota man da fusión de xéneros literarios a través da reflexión, da poesía visual, dos xogos de palabras, da interacción, dos caligramas, da narración, da música, das novas tecnoloxías para conseguir unha proposta poética fresca e divertida. O libro vai acompañado dun CD que enriquece o texto grazas á mestura de distintas artes e amplía ante os lectores a súa visión da poesía, permitíndolles abordar novas dimensións e agrandando a súa percepción sensorial. A música das seis cancións do CD é de Xurxo Souto. *O meu gato é un poeta* conta tamén con web propia www.gatopoeta.net. Nesta páxina o lector poderá atopar máis poemas, información sobre o libro e o disco, xogos, mp3 coa voz do autor recitando, cuestionarios con respostas...

Fran Alonso (Vigo, 1963), ademais de atender a súa obra de ficción, non abandonou nunca o labor como xornalista, que comezou no *Diario 16 de Galicia*. Colaborador de diversos medios de comunicación, durante varios anos escribiu nas páxinas de opinión de *La Voz de Galicia*, no suplemento *Luces* de *El País* e no semanario *A Nosa Terra*. En 2003 creou o blog *Cabrafanada* (www.franalonso.eu), un dos pioneiros en lingua galega. Como xornalista, abordou o conflito saharauí en *Territorio ocupado* (Xerais 1998), Premio Losada Diéguez. Tamén abordou a biografía en *A vida secreta de María Mariño* (Xerais 2007), *Folerpas de Novoneyra* (Xerais 2010) e «A voz que vén da seitura», incluído no libro-disco con DVD da Señora Carmen *A flor dos meus anos* (PAI Música, 2007). O seu libro *Males de cabeza* (Xerais, 2001) foi editado por Vieiros en formato dixital e acceso libre un mes antes da súa saída en papel. O seu poemario *Balada solitaria*, realizado conxuntamente co fotógrafo Renato Roque, publicouse exclusivamente en Portugal (Edições Eterogémeas, 2004) e traducíuse ao catalán. É autor de dezaioito libros, algúns traducidos a varias linguas, entre os que destacan *Cemiterio de elefantes* (Xerais 1994), *O brillo dos elefantes* (Xerais 1999), *Cartas de amor* (Xerais 2006), *Subversións* (Xerais 2001), *Cidades* (Xerais 1997) e *Meu gato é un poeta* (Xerais 2011). Na actualidade traballa en Edicións Xerais de Galicia.